

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Monte Molido e o cruceiro

O Monte Molido está entre as parroquias de Ancorados e Berres, A Estrada (Pontevedra).

O cume é unha chaira chea de penedos e sen arboreda. Aquí librouse unha batalla feroz contra os mouros que, unha vez derrotados, foron soterrados alí mesmo; por iso non nace herba nin medran as árbores.

Neste monte, nun cruce de camiños, houbo en tempos un cruceiro que era sinal de tesouro. Unha vez chegou á noite á casa dos Besteiros de Riobó un home de Ourense pedindo pousada. Logo preguntou polo Monte Molido, e se había alí un cruceiro, e como lle dixeron que si, anunciou que ao outro día tiña que subir ao monte por un asunto importante.

A muller da casa deulle a cea acompañada de abondoso viño, e logo preguntoulle polo asunto importante que o levaba ao Monte Molido; e, entre vaso e vaso de viño, sacoulle a información que buscaba: cabo do cruceiro había un tesouro.

□Pois déitese que pola mañá xa o acompañamos ata alí□díxolle a muller.

Mais en canto adormeceu, a xente da casa colleu ferramentas e foise para o monte cavar.

Cando amenceu chamaron ao forasteiro, o dono da case ofreceuse a acompañalo pero, como sabedes, ao chegar xunta o cruceiro, atoparon todo sachado e remexido.

O forasteiro arrincaba os pelos da cabeza mentres o dono da casa simulaba compadecelo. O tesouro, polo visto, xa estaba ben gardado.

Outra historia sobre o cruceiro. Sendo neno Ramón Rodríguez, veciño de Berres, viu, mentres gardaba as vacas, a un home sentado nas gradas do cruceiro. Aquel home primeiro leu nuns papeis e despois mediu uns pasos en varias direccións. Aquel día o home non fixo máis pero cando o neno volveu co gando por alí uns días despois viu que cabo do cruceiro remexeran a terra e entre a terra remexida atopou unha moeda de ouro.

E aínda outra lenda. Outra vez regresou de América, de Arxentina, un veciño. Nada máis chegar colleu pico, pa e sacha e foise para o cruceiro do Monte Molido. Sachou coma un tolo pero non atopou nada. Coa rabia, díxeránlle que alí había un tesouro, comezou a petar no cruceiro e esfarelouno todo: gradas, pedestal, capitel,

cruz e cando lle tocou ao fuste ou columna, que estaba oco, comezaron a saír onzas de ouro.

Xosé Neira, veciño de Mamoela, lembra ter visto na casa onde naceu anacos daquela columna oca cun burato dun diámetro suficiente para encaixar o mango dunha ferramenta.

BIBLIOGRAFÍA

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel, A Estrada rural, Excm. Deputación Provincial de Pontevedra 1990.